

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 14 DE XUÑO DE 2017.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E QUINCE MINUTOS** do día **CATORCE DE XUÑO DE DOUS MIL DEZASETE**, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde **MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ**, reúnese a Xunta de Goberno Local, coa asistencia do tenente de Alcalde **KLAUS BREY MONTAÑA** e os concelleiros **JESUS TABOADA LÁZARA** e **Mª del PILAR PEÓN IGLESIAS**.

Excusa súa asistencia: **ANA LUISA GONZÁLEZ COSTA**

Interventor da Corporación: **LEOPOLPO MOURE DOPICO**
Secretario da Corporación: **MANUEL QUINTÁNS QUEIRUGA**, que da fe.

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1º.- **SERVIZO MUNICIPAL DE AUGAS.**
- 2º.- **EXPEDIENTE DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SUMINISTRO DE UNHA MÁQUINA VARREDORA ASPIRADORA DESTINADA AO SERVIZO DE MANTEMENTO E LIMPEZA DE REDES VIARIAS DO CONCELLO DE SILLEDA.**
- 3º.- **URBANISMO.**

1º.- **SERVIZO MUNICIPAL DE AUGAS.**

Dase conta polo Servizo Municipal de Augas do Concello da facturación do servizo correspondente ó primeiro trimestre do exercicio 2017, ascendendo a total facturación ó importe de 146,383,72 € (s/canon: 125,940,99 €).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación a facturación do Servizo Municipal de Augas correspondente ó primeiro trimestre do exercicio 2017.

2º.- **EXPEDIENTE DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SUMINISTRO DE UNHA MÁQUINA VARREDORA ASPIRADORA DESTINADA AO SERVIZO DE MANTEMENTO E LIMPEZA DE REDES VIARIAS DO CONCELLO DE SILLEDA.**

Visto que, pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 19 de maio de 2017 acordouse:

“PRIMEIRO.-Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, do Contrato de suministro por importe de 53.719 € máis IVE “Unha Máquina Varredora Aspiradora destinada ao Servizo de Mantemento e Limpeza de Redes Viarias do

Concello de Silleda”

SEGUNDO.- Autorizar, en contía de 65.000,00 €, o gasto que para este Concello representa a contratación do suministro por procedemento negociado sen publicidade, con cargo á aplicación orzamentaria 163.623, do estado de gastos do Orzamento Municipal vixente.

TERCEIRO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán o contrato.

CUARTA.- Aprobar o Prego de Condicións Técnicas que rexerán o contrato.

QUINTO.- Solicitar ofertas ás seguintes empresas, escollidas de común acordo polo Alcalde e os Concelleiros presentes, por considerarlas capacitadas para realizar o obxecto do contrato.

- Veicar, S.L.
Polígono Industrial de Bergondo
R/ Parroquia de Guísamo, Parcela B-8
15.165 - Bergondo (A Coruña)
- Bescal, S.L.
Polígono Industrial de Bergondo
R/ Parroquia de Guísamo, Parcela B-12
15.165 - Bergondo (A Coruña)
- Baygar, S.L.
Lg. de Ande, s/n - Rubiáns (Apdo. 105)
36.619 - Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)”

Visto que procedeuse a convocar as tres empresas anteriormente mencionadas mediante escritos:

Empresa	Rexistro de Saida nº	Data
Veicar, S.L.	735	01.06.2017
Bescal, S.L.	736	01.06.2017
Baygar, S.L.	737	01.06.2017

Visto que dentro do prazo concedido para a presentación de ofertas, por parte da empresa Veicar S.L., mediante escrito con Rexistro de Entrada n.º 2660, de data 09 de xuño de 2017, comunica que non poden participar neste procedemento por a imposibilidade de facer fronte ó prezo estipulado.

Visto que únicamente presentou oferta a empresa Baygar S.L., Rexistro de Entrada n.º 2684, de data 09 de xuño de 2017:

- Oferta económica:	Base:	52.980,00 €
	IVA 21%	11.125,80 €
	Total:	64.105,80 €

- Prazo de Garantía: 2 anos.
- Prazo de entrega: 1 mes.
- Melloras técnicas ofertadas:
 - Tracción 4x4: Valorada en 3,200,00 €
 - Tolva de aluminio: Valorada en 380,00 €
 - Tratamento anticorrosivo KTL do chasis: Valorada en 400,00 €
- Asistencia técnica e servizopost-venta: As indicadas na oferta.

Considerando a oferta mais ventaxosa a presentada por PROXECTA OBRAS E SERVICIOS, S.L., a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- ADXUDICAR o contrato o contrato de suministro por procedemento negociado sen publicidade: “**Unha Máquina Varredora Aspiradora destinada ao Servizo de Mantemento e Limpeza de Redes Viarias do Concello de Silleda**”, a empresa BAYGAR, S.L., polo prezo de **64.105,80 € IVE engadido**, segundo oferta, melloras e prazo de entrega e garantía ofertada.

Segundo.- Requirir ao adxudicatario, segundo establece a cláusula décimo segunda (requerimento de documentación) do Prego de Cláusulas Administrativas para que dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.

Terceiro.- Dacordo co establecido na cláusula décimo terceira (garantía definitiva) do Prego de Cláusulas Admnsitrativas, o adxudicatario deberá acreditar a constitución da garantía dun 5% do importe de adxudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido.

Cuarto.- Notificar este acordo aos licitadores e dispor a súa publicación no perfil do contratante.

3º.- URBANISMO.

3.1.- Substitución de material de cubrición dunha cuberta e carpintería exteriores dunha edificación existente destinada a vivenda unifamiliar. JOSÉ ANDRÉS VIDAL PÉREZ.

Vista a solicitude de licenza de obra maior, presentada por JOSÉ ANDRÉS VIDAL PÉREZ, Rexistro de Entrada nº 2312 de data 12 de maio de 2017, para substitución de material de cubrición dunha cuberta e carpintería exteriores dunha edificación existente destinada a vivenda unifamiliar, no lugar de A Mera, n.º 32 (Silleda), referencia catastral 36052A038001130000KM, segundo proxecto básico e de execución do arquitecto Martín Pereiras Corzón.

Visto o informe emitido o 13 de xuño de 2017 polo arquitecto Lino Manuel Doporto

Framil no que conclúe o seguinte:

"Solicitante: José Andrés Vidal Pérez
Data de rexistro: 18.MAI.2017 N°: 2312 Data escrito: 18.MAI.2017
Solicitude: Substitución de material de cubrición dunha cuberta e carpinterías exteriores dunha edificación existente destinada a vivenda unifamiliar.
Tipo de Solicitude: Obra Maior Superficie construída: 234 m2
Emprazamento: Lugar de A Mera, n.º 32, Silleda.
Referencia catastral: 36052A038001130000KM Superficie Catastro: 3.308 m2
Autor do Proxecto: Martín Pereiras Corzón, Arquitecto Colexiado 4236
Proxecto: Básico e de execución. Visado polo Colexio Oficial 1702646,3 día 16/05/2017.
Dirección de obra: n/d
Dirección de execución: n/d
Exposición pública BOP DOGA Prensa
Orzamento (P.E.M.) 25,768,22 € P.E.M. segundo Mbc ano 2010: €

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1 Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, p.: Ir el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana
- 2 Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia,
- 3 Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 27/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- 4 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia,
- 5 Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos,
- 6 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 7 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 8 Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- 9 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 10 R.D, 2187/1978, de 23 de xuño de 1978, Reglamenteo de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.
11. Decreto 29 2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.
12. Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.
- 13 Planeamento do Concello de Silleda
 - 13.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
 - 13.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991
 - 13.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
 - 13.4 M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
 - 13.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
 - 13.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002
 - 13.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002
 - 13.8 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981
 - 13.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
 - 13.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007
 - 13.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012
 - 13.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012
 - 13.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado provisionalmente o 18/03/2016
- 14 Concordantes

ANTECEDENTES:

1. Amósanseme para a redacción de informe técnico a solicitude de licenza asinada por José Andrés Vidal Pérez, presentada con R.E. 2312 de 18.MAI,2017. Aporta 1 copia de proxecto técnico asinado por Martín Pereiras Corzón, Arquitecto Colexiado 4236 e xustificante de pago de taxas municipais.

2. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 13.13 da normativa de aplicación deste informe técnico). No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este prazo e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará na redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.

3. O proxecto conta, salvo erro ou omisión involuntarios, coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licenza municipal de obras. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 143.2 da Lei do Solo de Galicia:

INFORME TÉCNICO:

4. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silledo, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, como **Solo rústico**. Canto ao planeamento aprobado provisionalmente, e que se relaciona no punto 13.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a **Substitución de material de cubrición dunha cuberta e carpinterías exteriores dunha edificación existente destinada a vivenda unifamiliar**, está clasificado como **Solo Urbanizable Delimitado**.

5. A **rehabilitación de vivendas anteriores a 1975** está permitida por licenza municipal directa no artigo 40 da Lei do Solo de Galicia e no 63 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2 2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

6. Neste caso non se modifica ningún dos **parámetros urbanísticos** da parcela.

7. O proxecto presentado non xustifica o cumprimento ao establecido no Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as **normas de habitabilidade de vivendas de Galicia**.

8. Non consta na documentación a **certificación de eficiencia enerxética** debidamente rexistrada (R.D. 253/2013, artigos 5, 8 e concordantes do D. 42/2009 e concordantes). O certificado de eficiencia enerxética do edificio rematado, debidamente rexistrado, deberá formar parte do proxecto de execución e será obrigatoriamente anexado á documentación necesaria para a solicitude de licenza de primeira ocupación.

9. O proxecto presentado non xustifica, salvo erro ou omisión involuntarios, autorización para o **tratamento de augas**

10. O proxecto presentado non xustifica, salvo erro ou omisión involuntarios, autorización para o **abastecemento de auga**.

11. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase axeitado o orzamento que figura no memoria técnica.

12. Segundo o indicado no artigo 36.2 da Lei do Solo de Galicia, e posto que se trata de Solo rústico, non se precisaría solicitar informes sectoriais ao abeiro do establecido no nomeado artigo 36.

13. Segundo o indicado no artigo 144 da Lei do Solo de Galicia, *Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, non se observa, salvo erro ou omisión involuntarios, a necesidade de solicitar informes sectoriais ou autorización autonómica ao abeiro do establecido no artigo 41 da mesma para esta solicitude.*

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude de concesión da licenza de Substitución de material de cubrición dunha cuberta e carpinterías exteriores dunha edificación existente destinada a vivenda unifamiliar solicitada dende o punto de vista técnico, e proponse para a concesión de licenza municipal de obra, con arreglo ás limitacións que se establecen neste informe técnico, se ben para o inicio da actividade será preciso aportar comunicación previa conforme ao modelo oficial, coa advertencia expresa de que a licenza concedida abrangue exclusivamente a construción dunha cuberta, e que para a rehabilitación exterior será preciso a tramitación dunha nova licenza para a que deberá aportarse un novo proxecto redactado por arquitecta/o.

Porén, non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:

1. Autorización de Augas de Galicia para o abastecemento de auga,
2. Autorización de Augas de Galicia para o tratamento de augas residuais.
3. Estudio ou estudio básico de seguridade e saúde.
4. Oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras no seu caso,
5. Certificación de eficiencia enerxética debidamente rexistrada (R.D, 253/2013, artigos 5, 8 e concordantes do D. 42/2009 e concordantes”.

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA:

Primeiro.- CONCEDER, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza municipal de obra maior a JOSÉ ANDRÉS VIDAL PÉREZ para **Substitución de material de cubrición dunha cuberta e carpintería exteriores dunha edificación existente destinada a vivenda unifamiliar**, no lugar de A Mera, n.º 32 (Silleda), parcela con referencia catastral 36052A038001130000KM, con arreglo ás limitacións que se establecen no informe técnico transcrito, indicándolle:

1.- Que non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:

1. Autorización de Augas de Galicia para o abastecemento de auga,
2. Autorización de Augas de Galicia para o tratamento de augas residuais.
3. Estudio ou estudio básico de seguridade e saúde.
4. Oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras no seu caso.
5. Certificación de eficiencia enerxética debidamente rexistrada (R.D, 253/2013, artigos 5, 8 e concordantes do D. 42/2009 e concordantes.

2.- Para o inicio da actividade será preciso aportar comunicación previa conforme ao modelo oficial, coa advertencia expresa de que a licenza concedida abrangue

exclusivamente a construción dunha cuberta, e que para a rehabilitación exterior será preciso a tramitación dunha nova licenza para a que deberá aportarse un novo proxecto redactado por arquitecta/o.

3.2.- LMTA por 707 y CTI RBTA RBTS Bustelo (n.º SGD 534314110004), en Bustelo. Fernando Val López, e.r. UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN.

Vista a solicitude de licenza de obra maior, presentada por Fernando Val López, e.r. de UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, Rexistros de Entrada nº 3293 (29,07,2016), 3924 (06,09,2016), 1925 (24,02,2017) e 1749 (10,04,2017), para LMTA por 707 y CTI RBTA RBTS Bustelo (n.º SGD 534314110004), no lugar de Bustelo, parroquia de Escuadro (Silleda).

Visto o informe emitido o 14 de xuño de 2017 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

"Solicitante: *Fernando Val López, e.r. UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN*
Data de rexistro: *29.XUL.2016* Nº: *3293* Data escrito: *28.XUL.2016*
06.SET.2016 *3924* *25.AGO.2016*
24.FEB.2017 *1925* *12.ABR.2017*
10.ABR.2017 *1749* *06.ABR.2017*
Solicitude: *LMTA por 707 y CTI RBTA RBTS Bustelo (n.º SGD 534314110004)*
Tipo de Solicitude: *Obra Maior* Superficie construída: *N/D m2*
Emprazamento: *Bustelo.*
Referencia catastral: *n/d* Superficie Catastro: *n/d m2*
Autor do Proxecto: *Darío Sánchez Maeso, enxeñeiro industrial colexiado 2564 ICOIIG.*
Proxecto: *Básico e de execución. Visado polo Colexio Oficial 14/06/2016 n.º 20161554.*
Dirección de obra: *n/d*
Dirección de execución: *n/d*
Exposición pública *BOP DOGA Prensa*
Orzamento (P.E.M.) *30,616,62 € P.E.M. segundo Mbc ano 2010: €*

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1 Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, p.:lr el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana*
- 2 Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia,*
- 3 Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 272016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia*
- 4 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia,*
- 5 Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos,*
- 6 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).*
- 7 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).*
- 8 Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.*
- 9 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.*
- 10. Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei so Solo de Galicia.*
- 11 R.D, 2187/1978, de 23 de xuño de 1978, Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.*
- 12 Planeamento do Concello de Silleda*

- 12.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
- 12.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991
- 12.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
- 12.4 M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
- 12.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 12.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 12.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002
- 12.8 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981
- 12.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 12.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007
- 12.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012
- 12.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012
- 12.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado provisionalmente o 18/03/2016

13 Concordantes

ANTECEDENTES:

1. Amósaseme para a redacción de informe técnico a solicitude de licenza asinada por Fernando Val López, e,r, UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, presentada con R.E, 3293 de 29,XUL,2016. Aporta 1 copia de proxecto técnico asinado por Dario Sánchez Maeso, enxeñeiro Industrial colexiado 2564 I.C.O.I.I.G, e xustificante de pago de taxas municipais. Posteriormente, con rexistros de entrada 3924, 1925 de días 06,SET.2016 e 24,FEB,2017, respectivamente, aporta autorización da Deputación de Pontevedra, Augas de Galicia, Consta tamén no expediente copia desta última, enviada directamente a este Concello por Augas de Galicia, con rexistro de saída 3363/RX565795 de 06/04/2017 e rexistro de entrada 1749 de 10,ABR,2017,

2. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 12,13 da normativa de aplicación deste informe técnico). No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este prazo e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará na redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.

3. O proxecto conto, salvo erro ou omisión involuntarios, coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licenza municipal de obras. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 143.2 da Lei do Solo de Galicia:

INFORME TÉCNICO:

4. O solo onde se pretende a actividade e encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, como **Solo rústico**, Canto ao planeamento aprobado provisionalmente, e que se relaciona no punto 12,13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a **LMTA POR 707 Y CTI RBTA RBTS BUSTELO(nOSGD 534314110004)**, está clasificado como **solo rústico de protección agropecuaria**.

5. O uso solicitado encadra dentro do artigo 35. 1.m) da Lei do solo de Galicia e sería autorizable por licenza municipal directa segundo o artigo 36, salvo mellor criterio.

6. Canto á tramitación ambiental, a LEI 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da

competitividade económica de Galicia, a actuación proxectada non figura no ANEXO no que se inclúen as actividades sometidas a Avaliación de Incidencia Ambiental.

7. O proxecto presentado non contradí os parámetros urbanísticos establecidos para este ámbito. Neste sentido, deberase estar ao sinalado no artigo 99 do PXOM vixente:

D.- Como norma general los cierres de obra de fábrica, postes de tendido eléctrico y demás elementos constructivos poará: autorizarse a SEIS(6) metros del eje del camino y en todo caso a TRES(3) metros del borde o arista exterior de la explanación, siendo definida esta según el art. 33.1 de la Ley de Carreteras.

E.- Cuando los cierres de obra de fábrica o desmontables, postes de tendido eléctrico y demás elementos constructivos, se soliciten con el compromiso de derribo o traslado por cuenta del propietario, el ayuntamiento podrá autorizarlas en este caso a TRES (3) metros del eje del camino y en todo caso a UN (1) metro de la arista exterior de la explanación o cuneta respectiva. El Ayuntamiento en base a necesidades de ampliación de infraestructura, implantación de servicios, etc., podrán ordenar el derribo o traslado de los cierres, postes y demás elementos constructivos con cargo a los propietarios en este caso y sin que estos puedan alegar derecho a reclamación o indemnización de ninguna clase sobre los mismos.

8. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase axeitado o orzamento que figura na memoria técnica.

9. Segundo o indicado no artigo 36.2 da Lei do Solo de Galicia, e posto que se trata de Solo rústico, non se precisaría solicitar informes sectoriais ao abeiro do establecido no nomeado artigo 36.

10. Segundo o indicado no artigo 144 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, **sería preciso ter, con carácter previo á concesión de licenza municipal e previos os trámites oportunos, as autorizacións previas dos seguintes organismos:**

10.1 Servizo de Infraestruturas da Deputación Provincial de Pontevedra. Consta no expediente **autorización** do nomeado servizo. asinado o 12 de agosto de 2016, con rexistro de saída 2016015608 de 18/08/2016.

10.2 Augas de Galicia, demarcación Galicia Centro. Consta no expediente **autorización** do nomeado organismo, asinada o día 6 de abril de 2017, con rexistro de saída 3377/RX567066 do día 06/04/2017.

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude de concesión da licenza de LMTA POR 707 Y CTI RBTA RBTS BUSTEIO (nº SGD 53431411 0004) solicitada dende o punto de vista técnico, e propónse para a concesión de licenza municipal de obra, con arreglo ás limitacións que se establecen neste informe técnico, se ben para o inicio da actividade será preciso aportar comunicación previa conforme ao modelo oficial.

Porén, non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:

1.- Oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras no seu caso."

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA:

Primeiro.- CONCEDER, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza municipal de obra maior a UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN para LMTA por 707 y CTI RBTA RBTS Bustelo (n.º SGD 534314110004), no lugar de Bustelo, parroquia de Escuadro (Silleda), con arreglo ás limitacións que se establecen no informe técnico transcrito, indicándolle:

1.- Que non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:

1.- Oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras no seu caso.

2.- Para o inicio da actividade será preciso aportar comunicación previa conforme ao modelo oficial.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as catorce horas, extendéndose a presente acta, do que como secretario dou fe e certifico.

Silleda, a 14 de Xuño de 2017

Vº e Prace
O ALCALDE,

O SECRETARIO

Asdo. Manuel Cuiña Fernández

Asdo. Manuel Quintáns Queiruga